



Primeiro Curso de Reciclaxe diplomado pola APPB

No seu continuo compromiso coa formación dos seus socios, a APPB creou un curso totalmente avaliado, o primeiro diplomado e avalado pola asociación, o cal tivo lugar os días 7 e 8 de xuño na granxa Finca Prados hondos, en Valladolid, coa participación como formadores de varios expertos mundiais en podoloxía bovina. Nas seguintes liñas describimos en que consistiu esta nova iniciativa formativa, na cal todos os participantes conseguiron o seu diploma.



José María García Nieto
Presidente da APPB

Na primeira edición deste curso, dividido en parte teórica e talleres prácticos, todos aqueles que superaron a proba con nota suficiente obtiveron o seu diploma e terán como distintivo o xa típico adhesivo anual de cor ouro.

Esta nova iniciativa lévase a cabo porque desde a asociación cremos fundamental que un bo podólogo bovino, ademais de saber facer un bo recorte, necesita uns coñecementos básicos para poder entender ben o seu traballo e así asegurarse de que sempre preservamos a integridade dos pezuños, saber que en cada situación facemos o correcto,

porque cada granxa ten as súas peculiaridades e necesitamos saber cales son para actuar da maneira correcta; por iso, necesítanse coñecementos de anatomía, biomecánica, instalacións, nutrición, manexo sen estrés etc.

No curso tratáronse os temas que consideramos de maior importancia e esixiuse un mínimo básico para que o podólogo profesional poida asesorar mellor os seus clientes e facer un mellor traballo nos seus recortes tanto funcional coma terapéutico.

CLASES TEÓRICAS

Tras a presentación do curso por parte do presidente da APPB, **José María García**, deu comezo a parte teórica con charlas de introdución ao que sería a súa parte práctica en sesión de tarde.

O primeiro en intervir foi **Miguel Ángel García** e falou de tres áreas: anatomía, sobre a que introduciu todas as partes anatómicas do pezuño e partes do aparello locomotor que inflúen na

podoloxía; biomecánica, área na que se centrou en como inflúen as forzas nas súas pisadas, apromos e a súa influencia nas coxeiras, e Roms: mediante vídeos vimos como se puntúan as coxeiras no sistema Roms de cualificación de coxeiras, do que a APPB é promotora na península ibérica.

A continuación, **Marc Pineda** lembrounos o código de boas prácticas que a APPB ten na súa páxina web e a súa importancia á hora do noso compromiso co benestar animal, o recorte funcional descrito polo GT-FEPYBA (Grupo de Traballo para a Formación e a Estandarización en Podoloxía Bovina e Benestar Animal).

O experto mundial en podoloxía bovina, **Loris de Vecchis**, abordou o recorte terapéutico e explicou como actuar nas distintas lesións, expoñendo moitos dos seus propios casos, así como a solución e o seu tratamento.

A Vecchis seguiu **Arturo Gómez**, outro experto no ámbito da podoloxía a nivel mundial, que nos falou da parte de nutrición e instalacións, a súa importancia e como lle afecta á saúde podal.



► NO CURSO ESIXIUSE UN MÍNIMO BÁSICO PARA QUE O PODÓLOGO PROFESIONAL POIDA ASESORAR MELLOR OS SEUS CLIENTES E FACER UN MELLOR TRABALLO NOS SEUS RECORTES TANTO FUNCIONAL COMA TERAPÉUTICO


Pechou a quenda de intervencións **Daniel Zalduendo**, quen se encargou dunha parte á que desde APPB lle damos moita importancia: o manexo sen estrés do gando bovino.



TALLERES A PÉ DE GRANXA

O venres pola tarde, o alumnado dividiuse en pequenos grupos para poder levar a cabo os talleres máis persoais e que todos os participantes tivesen a oportunidade de participar neles. **Daniel Zalduendo** e **Antonio Nunes** proporcionaron toda a información necesaria para unha boa colocación de tacos, cal usar en cada caso e como colocalos, así como as distintas formas e medidas; así mesmo, amosaron como utilizar o adhesivo, a súa conservación, os distintos tipos que hai, a importancia de secar ben a humidade, a importancia de manter unha temperatura óptima para evitar extravíos e as distintas cánulas de mesturado.

De Vecchis aplicou recorte terapéutico en varias vacas coxas explicando



cada paso, por que facelo así e tamén valorou o resultado segundo a súa experiencia.

A parte de anatomía tocoulle a **Miguel Ángel García**, con dúas patas preparadas para poder ver todas as partes que afectan ao noso traballo e explicar o seu funcionamento, algo moi importante para entender mellor o noso labor e o porqué das cousas que facemos.

Pola súa banda, **Arturo Gómez** realizou un percorrido co obxectivo de ver a parte de alimentación: millo, silos, pensos, alfalfa, correctores... indicando a frecuencia de arrimado de comida e como saber cando están dentro do correcto os restos, a medida que ía ofrecendo indicacións en cada caso de como facer ben as cousas para conseguir uns bos resultados. Ademais, lembrou que os podólogos e nutrólogos deben estar sempre en contacto, pois o podólogo lle pode proporcionar moita información ao nutrólogo. Tamén percorreu as instalacións mostrando puntos críticos e realizando medicións en cubículos, cornadizas, bebedoiros e corredores. Finalmente, insistiu na importancia da ventilación, como debe estar orientada, detívose nos raiados dos patios, a transición... en definitiva, en todo o que debemos saber para un correcto funcionamento das granxas e como orientar aos gandeiros en cada caso.

Xa ao sábado pola mañá, **Loris de Vecchis** e **Miguel Ángel García** foron os encargados de avaliar o recorte Iberian Balanced Method descrito por GT-FEPYBA e recorte da APPB. Todos os participantes fixeron unha pata traseira e unha dianteira, rexéndose polo devandito recorte.

Marc Pineda encargouse do *kahoot* de lesións e severidade con 12 cuestións de dificultade media alta e pouco tempo para a resposta.



Manolo Codesido (esq.) foi o gañador do Pezuño APPB

Os participantes necesitaban estar moi atentos e ter moi claros os conceptos para poder contestar correctamente, algo moi importante á hora de recoller ben os datos no día a día.

Para rematar, **Arturo Gómez** mostrounos cunha lupa dixital o que pode penetrar no baño de pezuños na epiderme, cunha pata mergullada en auga con tinguadura e, mediante un microscopio, puidemos ver os treponemas causantes das dermatites que vemos a diario nas granxas.

AVALIACIÓN FINAL

Todos os participantes tiveron unha hora para completar unha avaliación de 45 preguntas sobre todo o visto, tanto na parte teórica coma na práctica, momento en que o curso se deu por finalizado. Despois de corrixir os devanditos exames, tivemos a gran satisfacción de poder dicir que todos os asistentes conseguiron o diploma APPB. ■

AGRADECEMENTOS E FELICITACIÓNS

Queremos darlles as grazas aos nosos compañeiros Millán de Pisa e a Javier de Pisa pola súa colaboración local, e a Ángel, de Finca Prados Hondos, por cedernos as súas instalacións con todo o trastorno que supón para o día a día da granxa.

Así mesmo, felicitamos a todos os profesores polo seu gran traballo no curso: Loris de Vecchis, Arturo Gómez, Marc Pineda, Miguel Ángel García e Daniel Zalduendo.

Finalmente, dámoslles os parabéns a todos os participantes polo seu diploma e, en especial, a Manolo Codesido Vieites, a mellor nota do curso e gañador do Pezuño APPB.